



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución idioma 2, III: Francés-Galego

Materia	Tradución idioma 2, III: Francés-Galego			
Código	V01G230V01611			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernandez Rodriguez, Aurea			
Profesorado	Fernandez Rodriguez, Aurea			
Correo-e	aurea@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A materia ten como obxectivos mellorar as competencias adquiridas na materia Tradución Idioma 2,II:</p> <p>a) Afondar nos procedementos e técnicas da tradución e analizar as dificultades que presenta o texto de partida.</p> <p>b)Perfeccionar as competencias necesarias para traducir textos non especializados redactados no idioma II, amosando a capacidade de comprensión do idioma II e a de expresión na lingua I.</p>			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C22	Destrezas de tradución
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D12	Traballo en equipo
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio de comprensión do idioma II (francés). Dominar a lingua meta (galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos	A2	C3	D4
	A3	C4	D8
	A4	C13	D22
		C22	

COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos máis complexos e de diferentes tipos redactados na lingua de partida. SUBCOMPETENCIA: Mellorar o coñecemento da historia e as culturas das dúas linguas adquiridas na materia Trad Idioma 2, II co fin de entender os textos así como coñecer os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais, etcétera

A1 C3 D7  
A2 C4 D8  
A3 C13 D22  
A4

COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto. SUBCOMPETENCIAS: Afondar na análise dos textos con criterios científicos e con vistas a recoñecer sen dificultades os diferentes tipos de textos (literarios, publicitarios...) e as súas funcións e características (argumentativos, expositivos, narrativos, ...)

A1 C3 D12  
A2 C13 D22  
A4

COMPETENCIA TRADUTORA: Perfeccionar as diferentes competencias adquiridas nas materias de Trad. Idioma II, 1 e Trad. Idioma II, 2 precisas para traducir un texto non especializado en lingua francesa. SUBCOMPETENCIAS: Afianzar a identificación dos axentes que interveñen no proceso de tradución (autor, mediador, tradutor, cliente, lector...) e a función comunicativa do texto.

A1 C3 D4  
A2 C4 D7  
A3 C22 D8  
A4 D22

Perfeccionar a análise de cada texto, amosando o dominio das características de cada tipo de texto que é preciso traducir. Mellorar o coñecemento das distintas técnicas e estratexias de tradución. Identificar os problemas de tradución, aprender a resolvelos e argumentar as escollas. Mellorar o traballo con textos paralelos. Perfeccionar o manexo das ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Perfeccionar o traballo coas normas de revisión e presentación de traducións. Familiarizarse co mercado laboral. Reforzar as habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico (será obrigatorio elaborar e expoñer un traballo en grupo). En suma, o alumnado deberá perfeccionar todas as competencias necesarias para desenvolver calquera tradución dun texto non especializado coa responsabilidade esixida a un profesional da tradución.

## Contidos

### Tema

1. Competencias, recursos e procedementos de tradución (II)	1. Lectura. Análise do texto 1.1. Detección de problemas 1.2. Busca de información - Estratexias-Resolución de problemas 1.3. Documentación - Reformulación 1.4. Revisión e corrección. Crítica de tradución.
2. Dicionarios e fontes de documentación (II)	2. Fontes de información e documentación 2.1 Fontes de documentación en rede 2.2 Traballo con textos paralelos e outros recursos
3. Tipoloxías textuais. Exercicios prácticos de tradución	3. Tipoloxías textuais características (criterios científicos) 3.1. Tradución de textos divulgativos e pragmáticos. 3.2 Problemas específicos de tradución
4. O mercado da tradución en Galicia. O mercado da tradución literaria	4.1 Tradución como actividade profesional. 4.2 O tradutor no seu contexto 4.3 Ética e responsabilidade do tradutor

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	6	15	21
Resolución de problemas e/ou exercicios	26	48	74
Traballos tutelados	2	19	21
Presentacións/exposicións	4	10	14
Prácticas autónomas a través de TIC	2	10	12
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	0	4
Probas de resposta curta	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado de 2h a docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e comentará tamén a bibliografía e as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación.
Sesión maxistral	As 7h de sesión maxistral destinaranse a presentar a situación da tradución dende o francés cara ao galego en Galicia e a explicar o proceso tradutor. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.

Resolución de problemas e/ou exercicios	Neste apartado de 26 horas, o alumnado deberá elaborar de forma autónoma traducións, pero baixo a supervisión da profesora. Realizaranse ademais exercicios de análises de texto, resumos e esquemas, exercicios de tradución con textos adaptados ao nivel do alumnado de Idioma II 3, así como a resolución de problemas propios dese nivel (dificultades de tradución) ou exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistras.
Traballos tutelados	O alumno deberá realizar un traballo sobre algunha das dificultades de tradución ou/e sobre o mercado laboral presentadas nas clases, que será tutelado pola profesora. Durante as 2 horas presenciais dedicadas a este apartado, o docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo.
Presentacións/exposicións	Durante as 4 horas dedicadas a este apartado, o alumnado presentará o seu traballo en francés ou galego na clase.
Prácticas autónomas a través de TIC	Durante as prácticas autónomas a través de TIC, o alumnado coñecerá as bases de datos e fontes de documentación necesarias para a tradución de textos de índole xeral.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Presentacións/exposicións	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Prácticas autónomas a través de TIC	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Probas	Descrición
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Probas de resposta curta	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Sesión maxistral	A avaliación das sesións maxistras permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame final que se entregará coa encomenda final (para os non asistentes), ben mediante a encomenda de resumos ou crítica de artigos que se anunciarán ao principio e/ou final de cada actividade docente ou exercicio para resolver problemas de tradución.	10	A1 C3 A2 C13 A3 A4
Resolución de problemas e/ou exercicios	Neste apartado avaliaranse as traducións previamente preparadas fóra da aula e os exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora. Poderán ser exercicios que traten dificultades de tradución, análises de tradución... Terase en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado.	30	A1 C3 D4 A2 C4 D7 A3 C13 D8 A4 C22 D22
Presentacións/exposicións	O alumnado deberá presentar oralmente, e de maneira individual, un traballo encomendado a principios de curso. Serán traballos de investigación de campo e/ou lecturas para assimilar os contidos teóricos.	15	A1 A3 A4 D12

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Neste apartado, entregaráselle ao alumnado 2 textos para seren traducidos na aula que tenten simular situacións reais de traballo. 1.ª proba último día de clase antes do periodo de traballo autónomo, é dicir, na semana 18/03/2016 (10%) 2.ª proba será o penúltimo día de aulas do 2.º cuadrimestre, é dicir, na semana do 06/05/2016 (25%)	35	A1 A2 A3 A4	C3 C4 C13 C22	D4 D7 D8 D22
Probas de resposta curta	O alumnado deberá ler un libro obrigatorio (cf. Bibliografía) que será avaliado mediante unha proba oral en francés o último día de clases do 2ª cuadrimestre ( na semana do 09/05/2016).	10	A1 A4	C4 C13	D22

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### O PLAXIO SERÁ MOTIVO DE SUSPENSO

O alumnado deberá entregar os exercicios e traducións na plataforma FAITIC nos prazos marcados pola profesora. O alumnado que non entregue os exercicios nos prazos marcados deberá acollerse á avaliación única e realizar as probas que se especifican nos apartados para non asistentes.

O alumnado que se acolla á avaliación continua e **obteña unha cualificación de suspenso** deberá presentarse á convocatoria PARA A 2.ª EDICIÓN DE ACTAS (xullo) nas condicións que se especifican máis abaixo.

### A. 1ª EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO) PARA NON ASISTENTES

1. Proba oral en francés para amosar os seus coñecementos da lingua de partida, sobre teoría, libro e lecturas de artigos do curso: 20% da nota (na semana do último día de clases, é dicir na semana do 09-05-2016)
2. Tradución con tempo limitado (1 h 45') na semana do 6-05-2016 na AULA C10 dunha extensión aproximada de 600 palabras: 40% da nota. Pódese usar documentación en papel e telemática.
3. Encomenda de tradución con comentario que recibirá o alumnado non asistente o penúltimo día de clases (na semana do 06 de maio de 2016), é dicir o día da proba con tempo limitado. Deberá entregar a tradución segundo as condicións especificadas na encomenda nun máximo de 4 días naturais: 40% da nota.

### B. 2ª EDICIÓN DE ACTAS (XULLO) ASISTENTES E NON ASISTENTES.

1. Proba oral en francés para amosar os seus coñecementos da lingua de partida, sobre teoría, libro e lecturas de artigos do curso: 20% da nota
2. Tradución con tempo limitado (1h 45') o día INDICADO NA PÁXINA WEB DA FFT dunha extensión aproximada de 600 palabras: 40% da nota. Pódese usar documentación en papel e telemática.
3. Encomenda de tradución con comentario que recibirá o alumnado o día do exame oficial (*Vid.* WEB FFT) e que deberá entregar segundo as condicións especificadas na encomenda nun máximo de 4 días naturais: 40% da nota.

### NOTAS:

**Será preciso aprobar cada unha das partes (mínimo 5/10) para poder facer a media.**

**O plaxio será penalizado coa cualificación de suspenso.**

## Bibliografía. Fontes de información

### Dicionarios monolingües □ galego

Real Academia Galega. Dicionario:<http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>

VV.AA (2006): *Diccionario Xerais da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.

REY, Alain & REY-DEBOVE, Josette (2015): *Le nouveau petit Robert* (2 vols). París: Le Robert.

Bureau de la Traduction (2000): *Le guide du rédacteur*. 2e édition. Ottawa: Ministre des Travaux publics et Services

Gouvernementaux Canada.

PEYROUTET, Claude (2009): *La pratique de l'expression écrite*. París: Mathan

RAMAT, Aurel (2004): *Le Ramat de la typographie*. Montréal: Aurel Ramat

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

---

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés/V01G230V01206

Tradución idioma 2, II: Francés-Galego/V01G230V01508

---